



# Ferramentas da educación social ao servizo da normalización lingüística

Santiago de Compostela  
**27 de setembro e 4 de  
outubro de 2021**  
[www.ctnl.gal](http://www.ctnl.gal)

Colaboran:  
- **Concello de Santiago de  
Compostela**  
- **Secretaría Xeral de Política  
Lingüística (Consellería de  
Cultura, Educación e  
Universidade)**

## Por que este curso?

A **finalidade** desta actividade formativa é coñecermos as **bases teóricas e as metodoloxías de intervención** vinculadas á **educación social** para empregalas no proceso de normalización lingüística e no labor cotián de traballo a prol da lingua.

## Cales son os obxectivos?

- ✓ Adquirir unha visión panorámica e resumida das teorías en que se basea a intervención desde o ámbito da educación social, de maneira que sexan útiles para o traballo técnico de normalización da lingua.
- ✓ Fornecer unha bibliografía básica recomendable.
- ✓ Abordar de xeito teórico e práctico contidos de comunicación, habilidades sociais, liderado, manexo de grupos e resolución de conflitos.
- ✓ Expoñer de xeito práctico diferentes modelos de intervención e o seu posible rendemento

para o traballo dos servizos de normalización da lingua.

- ✓ Practicar, arredor de supostos concretos, as diferentes técnicas e habilidades que, desde a educación social, resultan útiles para a intervención sociolingüística.
- ✓ Analizar algunhas intervencións realizadas para extraer conclusións a respecto das boas prácticas que mellorarían a súa eficacia.

## Como aprenderemos?

Será un **curso moi práctico** onde se traballará mediante dinámicas e simulacións os diferentes contidos que imos abordar.

## Quen nos vai guiar e axudar?

**Ana González Quinteiro**, educadora social no Concello de Pontevedra, con ampla experiencia na docencia de contidos da súa especialidade entre o profesorado (en centros de formación e

Organiza



**Ctnl**

Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

Colaboran



CONCELLO DE  
SANTIAGO



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

recursos e sindicatos), o monitorado ou os traballadores públicos, abordando temas como o liderado, as habilidades sociais, dinámicas de grupos, manexo do estrés, planificación, motivación, resolución de conflitos etc.

Na actualidade realiza estudos de doutoramento en Equidade e Innovación Educativa (Departamento de Pedagogía e Didáctica, USC).

## Cal é o programa do curso?

### Módulo 1. Comunicación (dúas horas)

1. Vocabulario básico
2. Introducción
3. Conceptos fundamentais
  1. O proceso da comunicación
  2. Elementos
  3. A subxectividade
  4. Tipos de comunicación
    1. Comunicación verbal
    2. Comunicación non verbal
  5. Obstáculos
  6. Facilitadores
4. Escoita activa
5. Comunicación hábil

### Módulo 2. Manexo de grupos (dúas horas)

1. Vocabulario
2. Observación
3. Que é grupo?
4. Tipos de grupo
5. As fases do proceso grupal

### Módulo 3. Habilidades sociais (catro horas)

1. Dimensións presentes nas habilidades sociais e modelos teóricos
2. Que é o *feed-back*?
3. Diferentes habilidades sociais
  1. Escoita
  2. Asertividade
  3. Empatía
  4. Toma de decisións
  5. Autocontrol emocional
  6. Exercicio de autoridade
  7. Autoestima

### Módulo 4. Liderado (catro horas)

1. Quen é líder?
2. Que fai o líder?
3. O líder e o seu equipo
4. Efectos do liderado sobre a produtividade
5. O grupo do líder fronte a outros grupos
6. Son tan importantes as relacións humanas e grupais?
7. Valores e actitudes do líder
8. Tipos de líderes
9. Perfil dun grupo maduro

### Módulo 5: Resolución de conflitos (catro horas)

1. Introducción
2. Que é un conflito e as súas características
3. Tipos e síntomas dos conflitos
4. Como afrontar positivamente un conflito
5. Programas de resolución do conflito
  1. Equipo de mediación
  2. Regulación directa entre iguais
6. Recomendacións para chegar á “unanimidade” nas decisións en grupo
7. Mapa do conflito

## Cal é a duración total?

- ✓ **16 horas**, distribuídas en dous días en sesións de mañá e tarde

## Quen pode participar?

- ✓ Técnicos/as de servizos de normalización lingüística (SNL)
- ✓ Docentes ou responsables de EDNLG
- ✓ Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua
- ✓ Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua

O curso terá un **límite de prazas** en función das restricións sanitarias no momento da docencia.

Organiza



**Ctnl**

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua

Colaboran



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

## Onde será o curso?

- ✓ No Espazo Apego do Concello de Santiago de Compostela (rúa da República do Salvador, 12, Santiago de Compostela)

## E canto custa?

- ✓ Para socias/os da CTNL: 25 euros
- ✓ Para estudantes, bolseiras/os e desempregadas/os non socios/as: 40 euros
- ✓ Para non socias/os da CTNL: 75 euros

## Cales son os prazos e datas?

O que	Día e horario
Prazo de inscrición no curso	Do 1 de ao 19 de setembro de 2021
Publicación da listaxe de persoas admitidas	O 20 de setembro de 2021
Prazo para o pagamento do curso	Do 20 ao 24 de setembro de 2021
Datas de desenvolvemento das sesións do curso	<ul style="list-style-type: none"><li>• Luns 27 de setembro</li><li>• Luns 4 de outubro</li></ul>
Horario de todas as sesións	De 10.00 a 14.00 h De 16.00 a 20.00 h

### +info

Entra en [www.ctnl.gal](http://www.ctnl.gal)

Escrebe a [info@ctnl.gal](mailto:info@ctnl.gal)

Chama ao 629 571 950

## Gústame! Para apuntarme?

A través do **formulario** que se habilitará para o efecto no web [www.ctnl.gal](http://www.ctnl.gal) entre o 01/09/2021 e o 19/09/2021.

Dado que o **número de prazas é limitado**, respectarase a orde de inscrición con preferencia para os/as socios/as da CTNL.

Non se debe pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas.

As persoas admitidas deben ingresar o importe da matrícula na conta da CTNL en Abanca número ES18-2080-0377-04-3040004060, indicando o seu nome completo e mais o concepto "Curso educación social".

Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no curso, **debe comunicalo** por teléfono ou correo electrónico o máis axiña posíbel, para así poder incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

Organiza



**Ctnl**

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua

Colaboran



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE